



## As prolongacións de xornada no sector financeiro son escandalosas

Os datos sobre prolongacións de xornada nos sectores financeiro e de seguros recollidos na Enquisa de Poboación Activa do pasado ano 2013 e 1º trimestre do 2014, son verdadeiramente chamativos: no promedio de 440.400 ocupados no sector realiza unha media de 0,62 horas extras semanais por persoa, das que só se pagan o 9%. O resto, o **91%, son horas extras ilegais e polo tanto fraudulentas.**

Sen embargo, estes datos, non se corresponden nin de lonxe coa realidade que o estudo de campo realizado por CCOO, según o cal, de acordo a estimacións moi prudentes, o persoal do sector financeiro estaría prolongando a súa xornada de forma fraudulenta unha **media de 4,2 horas semanais.**

*Somos con diferenza, o sector que máis horas extra sen remunerar realiza do resto de sectores produtivos do país e a tendencia vai empeorando xa que no primeiro trimestre do 2014 rexistrouse un incremento do 47% das horas extra ilegais*

De acordo a estas estimacións, o impacto das horas negras no sector durante a crise (2008-2013), é verdadeiramente escandaloso:

- ▶▶ No ano 2013 o total de **horas extras non remuneradas realizadas** polo persoal podería alcanzar os **57 millóns de horas.**
- ▶▶ O importe que as arcas do estado deixaron de **ingresar** durante o periodo de crise por estas horas fraudulentas (cotizacións á seguridade social e recaudación de impostos) podería ascender a **2.297 millóns de euros.**
- ▶▶ **Igualmente**, os traballadores e traballadoras do sector **deixaron de percibir** nese mesmo periodo **case 8.600 millóns de euros** por estas horas que non lles foron remuneradas, diñeiro que de estar na economía real xeraría riqueza, consumo e emprego.
- ▶▶ Coas prolongacións de xornada á que nos obrigan as presións comerciais desmedidas **poderíase dar traballo a unhas 33.500 persoas desempregadas**, mentres que a realidade é que no noso sector no periodo 2008-2013 **destruíronse máis de 50.000 empregos.**

Novembro 2014

Las prolongaciones de jornada suponen un **triple fraude:**

**Personal:** le robas tiempo a tu vida, a tu familia, a los amigos, a tu ocio, al descanso...

**Económico:** las 'horas en B' no se pagan, no tributan a Hacienda, ni cotizan a la Seguridad Social y eso supone menos dinero para sanidad, educación, pensiones...

**Sociolaboral:** en un país con casi 6 millones de personas sin empleo, si tu trabajas el doble, alguien deja de trabajar ¿tu hijo? ¿tu hermana? ¿tu pareja?

**NO TE DEFRAUDES, NO LOS DEFRAUDES. HAY SALIDA**  
**#siempreCCOOntigo**

